

PERFECT DAYS

Wim Wenders, 2023

1268

ESTREA EN NUMAX: 05.04.2024 | V.O.S.E. | +12 | 124 min

Hirayama parece totalmente satisfeito coa súa sinxela vida de limpador de retretes en Tokio. Fóra da súa estruturada rutina diaria, goza da súa paixón pola música e os libros. Encántanlle as árbores e failles fotos. Unha serie de encontros inesperados revelan aos poucos máis do seu pasado.

«Unha fermosa oda aos praceres da vida do mundo analóxico e presencial»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS



Entrevista con Wim Wenders: «O cineasta do que máis aprendín foi Yasujiro Ozu»

Por Javier Zurro

De onde nace a idea de contar esta historia sobre un limpador de urinarios en Xapón? Gústame a cultura xaponesa desde que a descubrín por primeira vez nos anos 70. Cando fun a Tokio sentíme estrañamente como na casa. E aínda me pasa. Cando non vou durante moito tempo sinto nostalxia. Coma se fose o meu país, aínda que o meu país sexa realmente Alemaña. Todo empezou cando vin as películas de Yasujiro Ozu e sentín unha afinidade tan profunda con elas... Sentín que el representaba non só a Xapón, senón que realmente representaba a humanidade máis que calquera outra película que vise.

El plasmou a familia nun sentido moi universal e eu sentíme como na casa dentro do seu universo. É moi peculiar a maneira na que os xaponeses viven xuntos. Teñen un sentido moi pronunciado do ben común e da responsabilidade social. Todo sucede porque viven moi xuntos nesta pequena illa, así que desenvolveron unha excelente forma de vivir xuntos e lidar co espazo e co feito de estar moi preto os uns dos outros.

Estar en Tokio en hora punta non é unha carga como o sería en Berlín, onde o evito porque é moi desagradable. En Tokio é ata bonito. Encántame tomar o metro en Tokio a esas horas. Os xaponeses aprenderon como vivir nas grandes cidades e como vivir xuntos. Aceptaron as regras de maneira diferente que nos nosos países, onde o principal mantra é o 'eu primeiro'. En Xapón é ao contrario, 'todos nós xuntos primeiro' e logo xa vai o 'eu'. E iso está representado no personaxe de Hirayama.

Un personaxe que se dedica a limpar os retretes públicos, facendo un traballo pola comunidade. Está a facer un traballo para outras persoas e gústalle facelo o mellor posible. Iso é algo que tamén me gusta de Xapón, esta idea de facer as cousas o mellor que poidas, mesmo se non son para ti mesmo. Gústame a forma na que en Xapón se respecta os artesáns. Na nosa cultura os artesáns atópanse na parte inferior da escala social e en Xapón ocorre todo o contrario, son moi respectados e venerados. Algúns artesáns son case monumentos nacionais polo feito de facer algo coas súas mans. Gústame o respecto ao traballo feito polos demais e ao traballo ben feito, e Hirayama representa esa idea.

Hai nesa reflexión sobre o artesán tamén unha reflexión sobre a creación cinematográfica? Facer cinema é sen dúbida un oficio de artesanía. Hoxe en día o cinema considérase ou unha arte ou unha industria, e o cinema ten lugar nesta fenda que hai entre arte e industria. Facer cinema é en gran medida algo artesán. Aínda que realmente non se fai coas mans, pero faise cos ollos e xunto a outras persoas que si son artesáns. Os cámaras, os sonidistas, a xente de vestiario... e con actores. Actuar é, definitivamente, algo artesán, así que me gusta a idea da artesanía nas películas, e gústanme os cineastas que non se consideraban artistas e que non se consideraban artistas industriais, senón que se consideraban artesáns. Un dos meus directores favoritos, que se consideraba estritamente un artesán, foi Yasujiro Ozu. O meu gran mestre, de quen máis aprendín. Non en termos de como facer películas senón en termos de como mirarte a ti mesmo e como representar a vida das persoas a través do teu propio oficio. Con el aprendín moito sobre a artesanía e o espírito no traballo, porque moi a miúdo no cinema fanse películas sen espírito. Están feitas con pouco sentido da artesanía e con pouco espírito. E para min, estas son as palabras craves do cinema: o oficio e o espírito.